

## ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE PRESTACIÓN DE XORNADA COMPLEMENTARIA VOLUNTARIA NOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PAC)

### **Pola Administración**

María del Mar Pousa Cobas. Directora Xeral de Recursos Humanos.

Begoña Caamaño del Castillo. Subdirectora Xeral de Xestión de Profesionais.

Nieves Fiel Paz. Subdirectora Xeral de Desenvolvemento Profesional e Sistemas de Información.

Patricia Pazos Crespo. Subdirección Xeral de Atención Primaria

### **Polas organización sindicais**

Carlos Castro Rivas (CSIF)

Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)

María Luz Fernández Tuñas (CCOO)

Eva Vidal Marcote (CCOO)

Ana Riveiro Currais (CCOO)

Javier Martínez Fente (UGT)

Ángeles Cuiña Caneda (UGT)

**Data:** 04/05/2026

**Lugar:** Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde. Edificio Administrativo de San Lázaro. Santiago de Compostela.

**Hora de comezo:** 12:00 horas

**Hora de remate:** 15:45 horas

**Asistentes:** as persoas que se relacionan no cadro adxunto.

Nesta primeira reunión da Comisión de Seguimento do Acordo de prestación de xornada complementaria voluntaria nos puntos de atención continuada (PAC)

**ACORDASE** o seguinte:

### **Primeiro.- FEAP**

O persoal facultativo especialista de Atención Primaria entrará no procedemento de voluntariedade nas mesmas condicións que os profesionais de unidade/servizo, unha vez realizada a xornada complementaria/continuada máxima que se establece nas convocatorias dos procesos selectivos que orixinaron o seu nomeamento, conforme o

previsto no artigo 35.4 da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

### **Segundo.- Sábados pola mañá**

Tendo en conta que o calendario dos PACs comprenderá a xornada dos sábados pola mañá, cada profesional programará ou non na súa carteleira a cobertura desta xornada.

Esta cobertura será obxecto de avaliación anual no mes de marzo, como se recolle no Acordo de mellora das condicións laborais e retributivas dos/das profesionais dos Puntos de Atención Continuada (PAC).

### **Terceiro.- Prazas de PAC**

Incorpórase a esta acta o anexo coas prazas dotadas no orzamento 2026 para os Puntos de Atención Continuada desglosado por áreas sanitarias e categorías profesionais.


### **Cuarto.- Voluntariedade profesionais PAC**

Os profesionais do PAC decidirán o número concreto de horas anuais que queiran realizar en réxime de voluntariedade.

Pola Administración



Polas organizacións sindicais



	DOTACIÓN 2026
<b>1501: A.S. A CORUÑA</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	4
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	1
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	1
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>
<b>1505: A.S. FERROL</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	4
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	2
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	0
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>
<b>1571: A.S. SANTIAGO</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	3
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	2
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	1
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>
<b>2701: A.S. LUGO</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	5
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	2
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	1
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>
<b>3201: A.S. OURENSE</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	8
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	7
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	1
<b>TOTAL</b>	<b>16</b>
<b>3601: A.S. VIGO</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	7
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	8
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	4
N-C2-36 CONDUTOR/A VEHÍCULOS ES	1
<b>TOTAL</b>	<b>20</b>
<b>3603: A.S. PONTEVEDRA</b>	
SF-A1-95 MÉDICO/A P.A.C. CON C.E.	5
S-A2-95 ENFERMEIRO/A PAC	6
N-C2-35 PERSOAL SERVIZOS XERAIS	4
<b>TOTAL</b>	<b>15</b>
<b>TOTAL SERGAS</b>	<b>77</b>